



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refº: 17x530080775

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-12-2017

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ORDINARIA** celebrada o día trece de decembro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

8/775 CONTRATACIÓN DE VINTE PRAZAS EN CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA. EXPTE. REF. 20-2017. ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 10 de novembro de 2017 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Instruído expediente relativo a: **CONTRATACIÓN DE VINTE PRAZAS EN CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA. EXPTE REF. 20-2017 ADXUDICACIÓN**

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1º.- Acordo da Xunta de Goberno Local, número 31/450, do 12 de xullo do 2017, polo que se aproba a **CONTRATACIÓN DE VINTE PRAZAS EN CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA. EXPTE REF. 20-2017**, os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexeron a súa licitación, e a forma de adxudicación polo procedemento aberto.

2º.- Tramitación regulamentaria do expediente.

3º.- Acta da Mesa de Contratación, do 17 de agosto do 2017, do teor literal seguinte:

‘ASUNTO: CONTRATACIÓN DE VINTE PRAZAS EN CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA. EXPTE REF. 20-2017. OFERTA ECONÓMICA.

Sendo as 13:40 horas do día 17 de agosto de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei Xefe do Servizo de contratación, patrimonio e fomento, e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz como Asesor Xurídico.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Municipal
- dona Ana Rosa Pérez, Técnico do servizo de Servizos Sociais.



CSV: 3tbGMzbUC5JnGzKm0wv/sg==

SINATURAS

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 1 / 8

DATAS(UTC)

18/12/2017 13:58:14

18/12/2017 13:58:13

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x530080775

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-12-2017

- don Manuel Angel Brea Santomé, funcionario do servizo de contratación actuando como Secretario da mesa.

Asisten a reunión Dona Oliva Rouco Rodríguez e Don José Núñez, en representación da empresa Enfermería de Xestión Sociosanitaria, S.L..

Procedese por parte do Presidente a apertura do sobre B (oferta económica), que arroxa o seguinte resultado:

Comprométese á execución do contrato para a primeira anualidade na cantidade de 576 euros mensuais por praza mais o 4% de IVE, 23,04 polo que o prezo/praza mensual ascende a 599,04 euros IVE incluído desglosado como segue:

- Custo de atención: 367 euros/mes mais IVE 4%. Total: 381,68 euros.
- Custo de manutención: 100 euros/mes mais IVE 4%. Total: 104 euros.
- Custo de transporte: 109 euros/mes mais IVE 4%. Total: 113,36 euros.

Oferta un servizo de ducha semanal gratuíto a maiores da esixida por praza concertada.

Oferta instalación de xardín exterior e/ou patio exterior, cunhas dimensións mínimas de 10 m2 para o disfrute e uso dos usuarios do Centro de Día.

Patio exterior cunhas dimensións de 40 m2, con accesibilidade para cadeiras de rodas e sen barreiras arquitectónicas.

A Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano competente a selección da empresa ENFERMERÍA DE XESTIÓN SOCIO SANITARIA, S.L. para a execución do contrato de **VINTE PRAZAS EN CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA.**

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto ás 13:50 horas, no lugar sinalado no encabezamento'

4º.- Decreto número 17007345, do 23 de agosto do 2017, do Libro Único de Resolucións, ditado pola Tenente de Alcalde da Area de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, polo que se acorda seleccionar a empresa ENFERMERÍA DE XESTIÓN SOCIO SANITARIA, S.L., C.I.F. B-27298306 para a execución do contrato de **VINTE PRAZAS EN CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA**, por importe a primeira anualidade na cantidade de 576 euros mensuais por praza mais o 4% de IVE, 23,04 polo que o prezo/praza mensual ascende a 599,04 euros, IVE incluído, detallado como segue:

- Custo de atención: 367 euros/mes mais IVE 4%. Total: 381,68 euros.
- Custo de manutención: 100 euros/mes mais IVE 4%. Total: 104 euros.
- Custo de transporte: 109 euros/mes máis IVE 4%. Total: 113,36 euros.

Oferta un servizo de ducha semanal gratuito a maiores da esixida por praza concertada.

Oferta instalación de xardín exterior e/ou patio exterior, con unas dimensións mínimas de 10 m2 para o desfrute e uso dos usuarios do Centro de Día.
Patio exterior cunhas dimensións de 40 m2, con accesibilidade para cadeiras de rodas e sen barreiras arquitectónicas

5º.- Notificación do Decreto número 17007345, do 23 de agosto do 2017, á empresa ENFERMERÍA DE XESTIÓN SOCIOSANITARIA, S.L., o 29 de agosto do 2017.

6º.- Documentación presentada pola empresa ENFERMERÍA DE XESTIÓN SOCIOSANITARIA S.L.) , en tempo e forma no RXE do Concello con data do 5 de setembro do 2017.

7º.- Informe de Tesourería do 29 de agosto de 2017 de ter débedas de carácter tributario co Concello de Lugo

8º.- Acta da Mesa de Contratación do 6 de novembro do 2017 do teor literal seguinte:


‘ASUNTO: CONTRATACIÓN DE VINTE PRAZAS EN CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA. EXPTE REF. 20-2017. ANÁLISE DE INCIDENCIA DETECTADA CONSISTENTE NA EXISTENCIA DE DÉBEDA TRIBUTARIA MUNICIPAL POLA EMPRESA SELECCIONADA.

Sendo as 13:00 horas do día 6 de novembro de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de contratación, patrimonio e fomento, e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz, como Asesor Xurídico.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Municipal.
- dona María Jesús López Vázquez, Xefa de Servizo de Servizos Sociais.
- dona Ana Tabarés Martínez, técnico do Servizo de Contratación, actuando como Secretaria da mesa.

Procédese por parte do Presidente a explicar aos membros da mesa a seguinte incidencia detectada durante a tramitación do expediente:

- En data 29 de agosto de 2017 – no trámite de comprobación de oficio de atoparse ao corrente nas débedas co Concello de Lugo - por parte da Tesourería Municipal emitíuse informe no que sinalaba a **existencia de débedas de carácter tributario**



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x530080775

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-12-2017

con este Concello por parte da empresa seleccionada **ENFERMERÍA DE GESTIÓN SOCIOSANITARIA S.L.** e posteriormente se emitiu outro informe en data 6 de outubro de 2017 indicando que a débeda co Concello corresponde ao recibo 8053994 do cuarto trimestre de 2016 de "Auga, Lixo, Sumidoiros e Canon" pendente en vía executiva dende o 21 de marzo de 2017.

- En data 11 de outubro concedéuselle á empresa un trámite de audiencia toda vez que esta circunstancia impedía a adxudicación do contrato ao seu favor ao atoparse en prohibición para contratar conforme o artigo 60 do TRLCSP.

- En data 24 de outubro a empresa realizou alegacións no sentido de que descoñecía a débeda ata o mes de outubro cando se recibiu a providencia de constrinximento e que pagou xa a débeda nese momento, que é contratista dun servizo de 22 prazas de centro de día e dende marzo ata a actualidade se lle aboaron seis facturas dentro dese contrato podendo, polo tanto, o Concello de Lugo ten cancelada a débeda mediante a compensación de pagamentos.

- En data 30 de outubro de 2017 a Tesoureira Municipal emite informe indicando que o período voluntario de pagamento da débeda rematou o 20 de marzo de 2017, iniciándose o período executivo en data 21 de marzo e que con posterioridade se realizaron varios pagamentos a favor da empresa (27.03.17, 02.05.17, 26.06.17 e 11.08.17) polo que afirma que si se puido proceder á compensación de oficio da débeda pendente ao abeiro dos artigos 55 e 58 do Regulamento Xeral de Recadación; este último indica como unha obriga das Administracións proceder á compensación de oficio cando di "*Cando un debedor á Facenda Pública non comprendido no artigo anterior sexa, á súa vez, acredor daquela por un crédito recoñecido, unha vez transcorrido o período voluntario, compensarásese de oficio a débeda e as recargas do período executivo que procedan co crédito*".

Así pois resulta que neste expediente de contratación só se presentou un único licitador, existindo doutrina que puidera ser de aplicación para estes supostos nos que a pesar da existencia de débeda se admite continuar a contratación con base no principio de eficiencia e proporcionalidade (informe 67/2011, do 1 de marzo, da Xunta Consultiva de Contratación do Estado); pero ademais, no suposto concreto que nos ocupa, existe un xeito de extinción da débeda que debía ter aplicado o Concello de Lugo que é a compensación de débedas pendentes en período executivo con cargo aos créditos acredores recoñecidos.

Analizadas e tidas en conta todas estas circunstancias, os membros da Mesa de Contratación propoñen por maioría a admisión do licitador ENFERMERÍA DE GESTIÓN SOCIOSANITARIA S.L. e a adxudicación ao seu favor. Non obstante o anterior, discrepa desta interpretación e proposta o Sr. Interventor Municipal, e así se fai constar polo tanto nesta acta, que manifesta que existe unha situación obxectiva consistente en que o licitador era debedor municipal na data final de



presentación de ofertas (11.08.2017) e que a posibilidade de compensación de oficio non desvirtúa esta circunstancia de existencia de débedas.'

Por todo o anteriormente exposto ..."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.^a ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adxudicarlle á mercantil ENFERMERÍA DE XESTIÓN SOCIOSANITARIA, S.L., con CIF B-27298306, a execución do contrato de **VINTE PRAZAS EN CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA** por importe a primeira anualidade na cantidade de 576 euros mensuais por praza mais o 4% de IVE, 23,04, polo que o prezo/praza mensual ascende a 599,04 euros, IVE incluído, detallado como segue:

- Custo de atención: 367 euros/mes mais IVE 4%. Total: 381,68 euros.
- Custo de manutención: 100 euros/mes mais IVE 4%. Total: 104 euros.
- Custo de transporte: 109 euros/mes mais IVE 4%. Total: 113,36 euros.

Oferta un servizo de ducha semanal gratuito a maiores da esixida por praza concertada.

Oferta instalación de xardín exterior e/ou patio exterior, cunhas dimensións mínimas de 10 m² para o disfrute e uso dos usuarios do centro de día.

Patio exterior cunhas dimensións de 40 m² con accesibilidade para cadeiras de rodas e sen barreiras arquitectónicas

O custo máximo anual do contrato tendo en conta o prezo mensual ofertado e o número de prazas (20) ascende a **143.769,90 euros IVE (4%) incluído.**



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x530080775

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-12-2017

SEGUNDO.- Requirirille á mercantil adxudicataria para que **antes da formalización do contrato** achegue a seguinte documentación:

1º.- Documentación acreditativa do **cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real decreto legislativo 1/2013**, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social que esixe ás empresas con 50 ou máis traballadores o cumprimento da obriga de ter empregados, durante a vixencia do contrato, traballadores con discapacidade nun 2%, polo menos, do cadro de persoal da empresa.

En particular, deberá achegar certificado no que conste o número de traballadores no cadro de persoal e a porcentaxe de traballadores con discapacidade.

2º.- Documentación para os efectos de responsabilidade do adxudicatario tal e como indica a cláusula décimo oitava dos pregos de cláusulas administrativas, isto é:

- Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal, que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para usuarios, por un valor mínimo de 600.000 euros por sinistro, cun sublímite por vítima de 150.000 €.

- Ademais, os seguros obrigatorios por Lei para a prestación da actividade obxecto do contrato (estancia centro de día + transporte).

- Os vehículos para transporte de usuarios deberán contar con todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente para a circulación de vehículos de motor e transporte de persoas, deberán contar con todos os seguros regulamentarios e deberán contratar unha póliza de seguro de ocupantes para tantas prazas como usuarios para transportar.

Deberá contar, así mesmo, cunha póliza de seguro que cubra os riscos de accidente por traslado dos usuarios dende o seu domicilio ó vehículo e viceversa e dende o centro o vehículo e viceversa.

- Tarxeta da inspección técnica de vehículos (ITV) en vigor dos vehículos que se utilicen.

- Copia dos recibos ingresados en relación coas pólizas de referencia.

3º.- Así mesmo, deberá achegar para os efectos da súa remisión ao Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Lugo con carácter previo ao inicio da prestación do servizo a documentación que se sinala na cláusula 17.2 dos pregos de cláusulas administrativas relativo ao cumprimento da Lei 31/1995, do

8 de novembro, de prevención de riscos laborais así como do R.d. 171/2004, do 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais.

TERCEIRO.- Comunicarlle á empresa adxudicataria que a formalización do contrato en documento administrativo non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. O órgano competente requiriralle ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días, contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo anterior sen interpoñerse o recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación no perfil do contratante do Excmo. Concello de Lugo.


QUINTO.- Darlles traslado desta resolución á empresa adxudicataria e demais licitadoras e ás dependencias municipais afectadas; e requirirle á mercantil adxudicataria para que proceda ao aboamento dos gastos dos anuncios de licitación por importe de **82,55 euros**, co fin de formalizar o correspondente contrato administrativo dentro do prazo legalmente establecido, a cal se poderá realizar mediante transferencia a calquera destes números de conta ES59 2080 0101 56 3110000947, ES78 0182-6219-51-0010165210 ou ES08 2100-5850-07-0200014045 indicando no concepto GASTOS DE ANUNCIO CONTRATACIÓN DE VINTE PRAZAS EN CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA (EXPT. REF. 20-2017)

SEXTO.- Notificarlles esta resolución aos interesados con indicación de que a dita resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- No obstante o anterior, poderá interpoñer recurso administrativo especial en materia de contratación ante a Xunta de Goberno Local ou ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (avda. General Perón, 38; 28020 Madrid) no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 44.2 e sen que proceda a interposición de recurso potestativo de reposición.

A interposición do recurso especial en materia de contratación suxeitarase ao disposto no artigo 44 do TRLCSP, e presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Lugo ou ante o órgano administrativo competente para resolver



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x530080775

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-12-2017

(TACRC). Terase en conta o establecido no Real decreto 814/2015, do 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.